| DESARROLLA | 3,93750 | 8,53125 | 9,18750 | 1,75000 | 2,62500 | **26,03125** |
| OGMIOS | 3,93750 | 6,56250 | 9,18750 | 1,75000 | 2,62500 | **24,06250** |
| UNIKA | 5,25000 | 7,87500 | 10,50000 | 3,50000 | 2,62500 | **29,75000** |
| EXTRACO | 2,62500 | 3,93750 | 9,18750 | 0,87500 | 2,62500 | **19,25000** |

**E a táboa resume ordenada segundo a puntuación:**

| EMPRESA | MEMORIA RESUMEN | MEMORIA CONSTRUCTIVA | PROGRAMA DA OBRA | ORGANIZACIÓN, TRANSITO E MEDIDAS DE SEGURIDADE | MEDIDAS MEDIOAMBIENTAIS | **SUMA MEMORIA TÉCNICA** | ORDE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| UNIKA | 5,25000 | 7,87500 | 10,50000 | 3,5000 | 2,6250 | 29,75000 | 1 |
| ANGEL JOVE | 5,25000 | 7,21875 | 10,50000 | 1,7500 | 2,6250 | **27,34375** | 2 |
| DRAGADOS SA | 3,93750 | 7,21875 | 10,50000 | 2,6250 | 2,6250 | **26,90625** | 3 |
| ACCIONA INF. | 5,25000 | 7,87500 | 9,18750 | 1,7500 | 2,6250 | **26,68750** | 4 |
| DESARROLLA | 3,93750 | 8,53125 | 9,18750 | 1,7500 | 2,6250 | **26,03125** | 5 |
| C. TARRIO SL/JSTOP | 3,93750 | 7,21875 | 10,50000 | 1,7500 | 2,6250 | **26,03125** | 6 |
| OGMIOS | 3,93750 | 6,56250 | 9,18750 | 1,7500 | 2,6250 | **24,06250** | 7 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | 3,93750 | 5,25000 | 10,50000 | 1,7500 | 2,6250 | **24,06250** | 8 |
| PROYECON | 2,62500 | 6,56250 | 9,18750 | 1,7500 | 2,6250 | **22,75000** | 9 |
| ATLANTICA | 2,62500 | 4,59375 | 10,50000 | 1,7500 | 2,6250 | **22,09375** | 10 |
| C. SAN JOSÉ SA | 2,10000 | 5,90625 | 10,50000 | 0,8750 | 2,6250 | **22,00625** | 11 |
| KÚPULA SL | 2,62500 | 5,25000 | 9,18750 | 1,7500 | 2,6250 | **21,43750** | 12 |
| EXTRACO | 2,62500 | 3,93750 | 9,18750 | 0,8750 | 2,6250 | **19,25000** | 13 |
| OVIGA | 2,10000 | 3,28125 | 9,18750 | 0,8750 | 2,6250 | **18,06875** | 14 |
| EULOGIO VIÑAL | 2,10000 | 2,62500 | 6,56250 | 0,8750 | 2,6250 | **14,78750** | 15 |
| C. LA ROSALEDA | 2,10000 | 3,28125 | 2,10000 | 0,8750 | 2,6250 | **10,98125** | 16 |
| CRC SL* | - | - | | - | - | | 17 |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | - | - | - | - | - | - | 17 |
| OREGA / DFR* | - | - | - | - | - | - | 17 |
| IGLESIAS MERA** | - | - | - | - | - | - | 17 |
| ALEA* | - | - | - | - | - | - | 17 |

* indican o prazo de obra expresamente

** indica unha redución de presuposto do que se deduce a baixa.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2015

O xefe de área técnica da concellería DUS

Ignacio Soto González

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONYI1AB | Expediente<br>CON/51/2014 | |

## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.043.057,85 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 16 de abril de 2015, ás 10:20 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dª Teresa Gutiérrez López

**Vocales:** Dª. María Antón representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Ignacio Soto, director técnico Área de D. U. S.
Dª. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Ramón Avendaño en representación da empresa CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA SL , Dna. María Puñal en representación da empresa DRAGADOS S.A., D. Jorge Rios, en representación da UTE TRANSPORTES EXCAVACIONES ARINS – CIVISGLOBAL S.L., D. Antonio Otero, en representación de EXTRACO S.A., Dna. Rebeca Platero en representación da Federación Galega da Construcción, D. José Luis Bocija en representación de ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA.

En primeiro término, dase lectura o resultado final do informe valorativo relativo ás ofertas técnicas realizadas polos licitadores, sinalando así mesmo, que ningunha empresa resultou excluída nas fases anteriores do procedemento.

A continuacion procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) | PRAZO DE EXECUCIÓN OFERTADO | CONTROL CALIDAD E | GARA NTIA |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL | 959.613,22 | 8 | 3 | 4 |
| 2 | CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA SL | 985.585,36 | 9 | 4 | 5 |
| 3 | CRC OBRAS Y SERVICIOS SL | 1.011.970 | 9 | 5 | 5 |
| 4 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL | 860.181,82 | 9,6 | 4 | 4 |
| 5 | ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL | 979.431,32 | 9 | 4 | 4 |
| 6 | DRAGADOS S.A. | 931.972,19 | 7 | 4 | 5 |
| 7 | F. GOMEZ Y CIA, SL | 917.064,46 | 9 | 2 | 5 |
| 8 | UTE JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL-CONSTRUCCIONES TARRIO SL | 920.000,00 | 8 | 4 | 5 |
| 9 | CONSTRUCTORA SAN JOSE SA | 967.644,77 | 9,5 | 4 | 5 |
| 10 | ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA | 965.662,96 | 8 | 4 | 5 |
| 11 | EXTRACO S.A. | 885.243 | 6 | 4 | 5 |
| 12 | UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SA | 869.910,25 | 8+20 | 4 | 5 |
| 13 | OGMIOS PROYECTO SL | 1.043.057,85 | 8 | 4 | 5 |
| 14 | DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L. | 948.139 | 9 | 5 | 5 |
| 15 | CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE SA | 996.746,08 | 7 | 4 | 5 |
| 16 | PROYECON GALICIA SA | 806.000 | 8,5 | 4 | 5 |
| 17 | EULOGIO VIÑAL SA | 880.862,36 | 285D | 4 | 5 |

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| *Documento* CONYI1AB | *Expediente* CON/51/2014 | |

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 11:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONCELLO DE SANTIAGO

**INFORME DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS CON ARRANXO AO PREGO DO PROCEDEMENTO ABERTO MULTICRITERIO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:**

*Título:* **OBRAS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN REFORMADO DE REHABILITACIÓN DO PALACETEDO ESPIÑO PARA EQUIPAMENTO MUNICIPAL**

Expediente: **CON-51-2014**

## OBXECTO

O obxecto de este informe é analizar e valorar as propostas técnicas da documentación contida no sobre B das ofertas admitidas presentadas polas empresas licitadoras ao procedemento citado no encabezamento, aplicando o contido do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación.

A obra obxecto deste expediente ten por obxecto a reconstrución do edificio mantendo a compatibilidade das ruínas existentes co programa de usos polivalente de oficinas e outros similares reformado dende o programa inicial, cunha solución más convencional e realista que a inicialmente proxectada, mellorando a sustentabilidade ambiental do edificio e súa mellora enerxética, incorporando novas tecnoloxías que apareceron nos últimos anos, para mellorar os consumos (xeotermia y tecnoloxías tipo LED,...) con una alta eficiencia enerxética.

## METODOLOXÍA

Como criterio xeral e atendendo aos criterios do prego, a valoración técnica das ofertas ten por obxecto:

Que a empresa que presenta a oferta ten estudiado convenientemente o proxecto e coñece o emprazamento cos condicionantes que podan preverse na execución de obra.

que os parámetros obxecto de puntuación están debidamente xustificados

Que os medios garden en proporción coa oferta presentada.

Que os medios ofertados estean claramente definidos para poder ser esixidos pola administración á empresa para garantir o cumprimento do contrato conforme á oferta

Puntuarase con 0 puntos aqueles apartados nos que a empresa non achegue ningún dato dos que se piden.

Para cada un dos apartados a valorar nesta fase, faise unha ponderación entre diferentes aspectos que pode ter a documentación, establecéndose unha valoración mais favorable cando a documentación é máis detallada, específica ou concreta respecto doutas máis xenéricas, e noutros casos valórase outorgando puntos por ter contemplado a maiores requisitos que, dende o punto de vista técnico, completan adecuadamente a oferta nese apartado.

Tamén considérase mellores ofertas e puntúanse con máis puntuación aquelas que determinan de forma concisa as súas condicións, de xeito que a administración poda controlar con maior precisión o seu cumprimento.

A continuación indicamos o criterios de puntuación. Aos efectos desta valoración utilizaranse as seguintes categorías:

**D**: oferta destacable, valoración ata o 100% da puntuación máxima do criterio.

**B**: oferta boa, valoración ata o 75% da puntuación máxima do criterio.

**S**: oferta suficiente, valoración ata o 50% da puntuación máxima do criterio.

**I**: oferta insuficiente, valoración ata o 25% da puntuación máxima do criterio.

NC: non figura este apartado

Estas categorías utilizaranse en todos os apartados salvo en aqueles en que se trate da presentación dun documento que unicamente se puntúe si se presenta cunha puntuación fixa.

CONCELLO DE SANTIAGO

**OFERTAS PRESENTADAS (Empresas)**

EMPRESA

C. LA ROSALEDA

ARINES/CIVISGLOBAL*

KÚPULA SL

CRC SL

DRAGADOS SA

FRANCISCO GÓMEZ Y CIA

C. TARRIO SL/JSTOP

C. SAN JOSÉ SA

OREGA / DFR*

ACCIONA INF.

IGLESIAS MERA**

OVIGA

ATLANTICA

EULOGIO VIÑAL

ALEA*

PROYECON

ANGEL JOVE

DESARROLLA

OGMIOS

UNIKA

EXTRACO

**VALORACIÓN**

* **ARINES/CIVISGLOBAL:** indica a redución do prazo de tres meses respecto do licitado. (o indica na páxina 2 da memoria resume, e nos cadros e diagramas do programa de obras).

***ALEA** indica un prazo de nove meses nos diagramas de Gantt, do camiño crítico, das folguras e do investimento mensual, do que se deduce o prazo de obra que vai ofertar

***OREGA / DFR** indica expresamente (páxina 20) a redución do prazo de tres meses respecto do licitado.

** **IGLESIAS MERA** INDICA NO CADRO DE INVESTIMENTO mensual do programa de obras, sumando a produción mensual de obra, unha cifra de 1.240.464,63, que suporía unha baixa de 21.635,37 euros respecto do orzamento de licitación.

**Non se valoran as ofertas das empresas citadas anteriormente posto que na documentación contida neste sobre B inclúense datos da parte da oferta do sobre c, puntuable mediante fórmulas ou porcentaxes.**

*Memoria resumen: valoración máxima ata 15. PUNTOS ATA 5,25*

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, exporá un resumo de toda a documentación técnica achegada na que se expliquen as características máis relevantes da oferta técnica

Valórase con maior puntuación a descrición do xeito de realizar os traballos previstos no proxecto de xeito pormenorizado, con análise dos posibles problemas de execución e as solucións previstas. Valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle, coa descrición dos procedementos por unidades de obra.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

| | D | B | S | I | NC |
|---|---|---|---|---|---|
| VALORACIÓN ATA | 15,0000 | 11,2500 | 7,5000 | 6,0000 | - |
| PUNTUACIÓN ATA | 5,2500 | 3,9375 | 2,6250 | 1,3125 | - |

**D:**

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume completa, con descrición xeral do inmoble, usos e características xeométricas e características construtivas e de implantación
- Resume detallado da documentación técnica que constitúe a oferta.

Valóranse co grao de D as seguintes ofertas:

**UNIKA:** resume todos os apartados da oferta técnica e fai a descrición específica de os procedementos construtivos tendo e conta as condicións singulares do emprazamento: a proximidade do colexio e vivendas, a protección de árbores, a proximidade do parque e edificios institucionais.

**ACCIONA INF.:** resume de todos os apartados da oferta técnica, describe todas as características do edificio a rehabilitar e fai a descrición detallada dos procedementos construtivos que van e empregar na obra.

**ANGEL JOVE:** moi completa porque resume de todos os apartados contidos no resto da oferta técnica e a descrición específica das técnicas construtivas tendo en conta o carácter singular das ruínas.

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta descrición de algún dos aspectos contidos nos criterios. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume, con descrición xeral do inmoble, usos e características xeométricas e de implantación
- Resume da documentación técnica que constitúe a oferta.
- Descrición das características construtivas dos traballos.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas que en xeral, todas elas presentan resume con descrición do inmoble, usos e características xeométricas e de implantación, e tamén co resume da documentación técnica que constitúe a oferta. Con descrición das características construtivas dos traballos de xeito xenérico:

**DRAGADOS SA** memoria resume ben aínda que non destacable porque aínda que fai a descrición xeral da parte de memoria construtiva, as solucións técnicas expostas nesta memoria solo reproducen as xa incluídas no proxecto. En cambio, a memoria resume permite ter unha visión concreta da forma de acometer a obra e un resume xeral do resto da documentación incluída na oferta técnica.

CONCELLO DE SANTIAGO

**FRANCISCO GÓMEZ Y CIA:** aínda que a memoria resume é ben explicada non se considera destacable xa que as descricións da forma de acometer a obra (no referido aos procesos construtivos) son xenéricas (poderían ser aplicables a calquera outro edificio). Resume ademais neste apartado as solucións construtivas e a organización dos traballos e de circulacións que logo desenvolve nos demais apartados da oferta.

**C. TARRIO SL/JSTOP** fai unha descrición xeral da parte de memoria construtiva da súa oferta, pero as solucións técnicas explicadas nesta memoria son copiadas do proxecto. A memoria resume permite ter unha visión concreta da forma de acometer a obra (da organización física e medios a empregar).

**DESARROLLA:** a documentación que inclúe neste apartado cumpre co indicado no prego: a descrición xeral do inmoble, os usos e características xeométricas e de implantación Tamén fai o resume da documentación técnica que constitúe a oferta. Pero os procedementos descritos son xenéricos (aplicable a calquera obra) polo que aínda que está ben non se considera que acade o nivel de destacable.

**OGMIOS** presentan una memoria resume ben explicada onde describen globalmente a forma de acometer a obra, pero non se considera destacable xa que as solucións construtivas explicadas son xenéricas (que resume as solucións construtivas e a organización dos traballos).

**S:**

Acadan a puntuación (S) aquelas ofertas que fan unha memoria con pouco detalle:

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de S as seguintes ofertas:

**KÚPULA** SL a súa memoria é moi resumida e xenérica, de descrición da documentación que se achega na oferta. É practicamente un índice, cun pequeno parágrafo indicando que di a documentación dos outros apartados.

**ATLANTICA** presenta de forma moi resumidas (simplemente dicindo a documentación que aporta a oferta en cada apartado) das demais partes da oferta técnica.

**PROYECON** explica as solucións xerais da memoria técnica, aínda que de xeito moi xenérico (esta memoria valería para calquera licitación semellante en Santiago)

**EXTRACO** e bastante curta pero sintetiza as actuacións a levar a cabo e a documentación relevante da oferta.

**I:**

Acadan a puntuación (I) aquelas ofertas que achegan a memoria resume moi reducida ou escasa:

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de I as seguintes ofertas:

**C. LA ROSALEDA** memoria resume que se limita a reproducir o xa contido da memoria do proxecto.

**C. SAN JOSÉ SA** indicase de forma moi, moi xeral a forma de acometer o traballo (resume en menos dunha páxina o contido da oferta incluído procedementos construtivos). A memoria é principalmente de fotografías do inmoble e entorno.

**OVIGA** a memoria resume se limita a reproducir o contido da memoria do proxecto.

**EULOGIO VIÑAL** soamente é unha relación non detallada da documentación como un índice

**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria resumen**

| EMPRESA | D | B | S | I | NC | valoración | puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C. LA ROSALEDA | | | | x | | 6,0000 | **2,1000** |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | | | | | | - | - |
| KÚPULA SL | | | x | | | 7,5000 | **2,6250** |
| CRC SL | | | | | x | 0,00 | **0,00** |
| DRAGADOS SA | | x | | | | 11,2500 | **3,9375** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | | x | | | | 11,2500 | **3,9375** |
| C. TARRIO SL/JSTOP | | X | | | | 11,2500 | **3,9375** |
| C. SAN JOSÉ SA | | | | x | | 6,0000 | **2,1000** |
| OREGA / DFR* | | | | | | - | - |
| ACCIONA INF. | x | | | | | 15,0000 | **5,2500** |
| IGLESIAS MERA** | | X | | | | | - |
| OVIGA | | | | x | | 6,0000 | **2,1000** |
| ATLANTICA | | | x | | | 7,5000 | **2,6250** |
| EULOGIO VIÑAL | | | | x | | 6,0000 | **2,1000** |
| ALEA* | | | | | | - | - |
| PROYECON | | | x | | | 7,5000 | **2,6250** |
| ANGEL JOVE | x | | | | | 15,0000 | **5,2500** |
| DESARROLLA | | x | | | | 11,2500 | **3,9375** |
| OGMIOS | | x | | | | 11,2500 | **3,9375** |
| UNIKA | x | | | | | 15,0000 | **5,2500** |
| EXTRACO | | | x | | | 7,5000 | **2,6250** |

*Memoria construtiva: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 10,50*

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, describirá os procesos de execución das actividades máis importantes e reflectirá o enfoque realista da obra en coherencia cos medios programados.

Valorase nesta memoria construtiva de cada oferta a descrición dos procesos principais da obra e a metodoloxía para acometelos; a explicación da forma de realizar os traballos, a organización física e a identificación de principais características do traballo. Tamén valórase o organigrama de persoal a maiores dos medios humanos ofertados para execución dos traballos.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

| | D | B | S | I | NC |
|---|---|---|---|---|---|
| VALORACIÓN ATA : | 30,000 | 22,500 | 15,000 | 12,000 | - |
| PUNTUACIÓN ATA: | 10,500 | 7,875 | 5,250 | 2,625 | - |

De acordo co prego, valóranse varios aspectos a ter en conta na memoria construtiva, de xeito que se demostre pola empresa o coñecemento do proxecto e, en consecuencia, que se oferta a disposición para a súa realización dos medios necesarios. Para cada oferta tense valorado a partes iguais os seguintes aspectos da memoria construtiva:

- A identificación de principais características do emprazamento e do proxecto que amosen o coñecemento da obra pola empresa.

CONCELLO DE SANTIAGO

- A descrición dos procesos da obra e a descrición dos traballos a realizar de acordo ao proxecto axustado aos medios de cada empresa.
- Os condicionantes externos derivados do emprazamento da obra.
- O persoal que se adscriba (a maiores dos medios humanos para execución de obra) como apoio técnico directo na obra. Neste aspecto só considérase o persoal que dependente do xefe de obra non sexa obrigatorio na execución de obras.

| | identificación de principais características | | | | | | descrición dos procesos da obra e descrición dos traballos a realizar. | | | | | | condicionantes externos | | | | | | organigrama de persoal que se adscribe a maiores dos medios humanos para execución de obra | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | D | B | S | I | NC | val. Parcial | D | B | S | I | NC | val. Parcial | D | B | S | I | NC | val. Parcial | D | B | S | I | NC | val. Parcial | VALORACIÓN | **PUNTUACIÓN** |
| C. LA ROSALEDA | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | | | x | | | 3,750 | 9,375 | **3,281** |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | - | - |
| KÚPULA SL | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | | | | x | | 1,875 | | x | | | | 5,625 | 15,000 | **5,250** |
| CRC SL | | | x | | | 3,750 | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | | | | | x | - | 7,500 | **2,625** |
| DRAGADOS SA | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | | x | | | 3,750 | 20,625 | **7,219** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | 15,000 | **5,250** |
| C. TARRIO SL/JSTOP | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | | x | | | 3,750 | 20,625 | **7,219** |
| C. SAN JOSÉ SA | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | | x | | | | 5,625 | 16,875 | **5,906** |
| OREGA / DFR* | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | - | - |
| ACCIONA INF. | | x | | | | 5,625 | | x+ | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | 22,500 | **7,875** |
| IGLESIAS MERA** | | | x | | | 3,750 | | | | x | | 1,875 | | | | | | - | | | x | | | 3,750 | | - |
| OVIGA | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | | | | | x | - | | X | | | | 5,625 | 9,375 | **3,281** |
| ATLANTICA | | | | x | | 1,875 | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | 13,125 | **4,594** |
| EULOGIO VIÑAL | | | x | | | 3,750 | | | | x | | 1,875 | | | | x | | 1,875 | | | | | x | - | 7,500 | **2,625** |
| ALEA* | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | | | | | | - | - | - |
| PROYECON | | X | | | | 5,625 | | X | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | | | x | | 1,875 | 18,750 | **6,563** |
| ANGEL JOVE | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | | x | | | 3,750 | 20,625 | **7,219** |
| DESARROLLA | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | x | | | | | 7,500 | 24,375 | **8,531** |
| OGMIOS | | x | | | | 5,625 | | | x | | | 3,750 | | x | | | | 5,625 | | | x | | | 3,750 | 18,750 | **6,563** |
| UNIKA | | x | | | | 5,625 | | x | | | | 5,625 | x | | | | | 7,500 | | | x | | | 3,750 | 22,500 | **7,875** |
| EXTRACO | | | x | | | 3,750 | | | x | | | 3,750 | | | | | | - | | | x | | | 3,750 | 11,250 | **3,938** |

**D:**

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios indicados no prego de cláusulas. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de D as seguintes ofertas:

**DESARROLLA** identifica ben as características principais da obra (o estado do edificio, o emprazamento, a protección do inmoble) e presenta unha descrición dos traballos de restauración e reconstrución aínda que de xeito xenérico (serve para a calquera obra similar á do palacete do Espiño). Ben explicados e completos o método do traballo e os procedementos construtivos cos que a empresa realizaría a obra (con especial coidado na restauración dos muros, a escavación e retirada de restos do interior, a execución da nova estrutura) referido á obra e emprazamento p.ex.: ter en conta a especial protección das árbores. Estudia ben os condicionantes: os accesos coas limitacións de circulación polo largo, afeccións a servicios, veciñanzas con vivendas e o colexio e indica as solucións a adoptar. Os medios a maiores moi ben axeitados aos traballos, con identificación persoal dos axentes intervinte e coa a súa dedicación indicada de forma clara: un responsable de medidas medioambientais e un responsable de instalacións, con dedicación plena, ademais de arquitecto técnico, delíñante e outra arquitecto. técnica, con dedicacións parciais, restauradora e arqueólogo aínda que non se especifica dedicación

**B:**

Acadan a maior puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta descrición de todos os aspectos contidos nos criterios aínda que de xeito menos completo ou xenérico respecto das ofertas destacadas. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

Valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**ACCIONA INF.:** Aínda que está ben en xeral, non se considera destacable ao non ser tan detallada como a oferta de DESARROLLA (no que atinxe ao persoal adscrito a maiores). Identifica ben as características principais dos traballos, que é a rehabilitación coa reconstrución da estrutura e restauración de parte dos muros orixinais do palacete, pero as explica de xeito xenérico (aplicable a calquera obra). Fai a descrición dos procesos construtivos da obra e a metodoloxía do traballo explicada, referido á obra e emprazamento. Estudia ben os condicionantes: acceso, afeccións a servicios veciñanzas e indica solucións. Persoal: do xefe de obra dependen un responsable de instalacións (enx industrial) e unha oficina técnica (arquitecto, arquitecto técnico e topógrafo) con dedicacións parciais.

**UNIKA** identificación completa e coherente das principais características dos traballos pero de xeito xenérico o que tamén fai para os procesos da obra e metodoloxía do traballo. Organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. É moi completo (o mellor neste apartado) e amosa coñecemento do emprazamento e todos os condicionantes (proximidade ao colexio, proteccións patrimoniais e ambientais e seguridade... p.ex propón a limitación de acceso á obra nos horarios de entrada e saída de colexio.). Medios a maiores reducidos aínda que axeitado ao traballos: un responsable de instalacións e de oficina técnica con dedicación completa.

**DRAGADOS SA:** a memoria que presenta está ben en todos os apartados: presenta unha identificación completa das principais características dos traballos (obra de reconstrución) pero de xeito xenérico (aplicable a calquera obra semellante, non necesariamente O Espiño). Fai a descrición completa pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. Respecto do persoal, do xefe de obra dependen un responsable de instalacións (enx industrial) unha oficina técnica (arquitecto, arquitecto técnico e topógrafo) e responsable medio ambiente pero non se indican dedicacións.

**C. TARRIO SL/JSTOP:** explica claramente como se acometerá a obra por fases, a dificultade polo estado da ruína e a forma de acometer demolicións e reforzos. Descrición de actividades concretas da obra. Medios a maiores un responsable responsable medio ambiente dedicación total.

**ANGEL JOVE** identifica ben as características principais do tipo de obra e do emprazamento. Solucións construtivas que va empregar as describe xeito xeral, aínda que referido á obra e emprazamento. Estudia ben os condicionantes: acceso, afeccións a servicios veciñanzas e indica solucións. Respecto do persoal que se adscribe ao contrato: ben, do xefe de obra dependen un responsable de instalacións (enx industrial) e unha oficina técnica ( arq técnico e topógrafo) con dedicacións parciais

CONCELLO DE SANTIAGO

**C. SAN JOSÉ SA:** identifica as características moi resumidas nun único parágrafo. Descrición xenérica das principais actividades. Aínda que moi resumidas, identifica os principais condicionantes e como atallalos. Oferta un responsable de instalacións e un responsable de instalacións, con dedicación plena, ademais de arqu tec, delíñante. e outra arquit. técnica, con dedicacións parciais.

**PROYECON:** características principais dos traballos recollidas de xeito xenérico. Aínda que o procesos construtivos son explicados e completos son xenéricos en xeral. Estudia ben os condicionantes: acceso, afeccións a servicios veciñanzas e indica solucións. Respecto do persoal, aínda que propón un enx. Telecomunicacións, un restaurador, un topógrafo e un enx. industrial, non identifica quen será nin indica dedicación.

**OGMIOS:** características principais ben identificadas, pero non moi longo. Os procesos construtivos ben e completos pero xenéricos. condicionantes ben identificados, accesos relacións con usuarios etc. Dependentes do xefe de obra: un responsable de instalacións (enx industrial) e topógrafo. Con dedicacións total e parcial respectivamente.

**S:**

Valóranse na categoría S aquelas ofertas que presentan unha memoria construtiva menos completo ou xenérica. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos respecto deste apartado.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de I as seguintes ofertas:

**FRANCISCO GÓMEZ Y CIA**: a identificación completa das principais características é breve pero ben: describe estado actual e dificultades a ter en conta polo deterioro das ruínas actualmente. Os procedementos construtivos son concretos pero no demasiado exhaustivas. Identifica as empresas colaboradoras que se encargarán de partes específicas. Os condicionantes solo os insinúa, remite a outro apartado . Persoal a maiores: un responsable de M.amb (non indica dedicación)

**KÚPULA** identifica so como os puntos críticos da obra e demolicións e indica os medios de estabilización provisional que vai empregar. No que atinxe ás actividades construtivas, cuantifica as principais partidas. Pero non indica con detalle os medios construtivos a utilizar. Condicionantes reducidos (clima) Propón un responsable m.amb e un enx técnico en instalacións

**EULOGIO VIÑAL:** Identifica as características do contrato (reconstucción, uso do edificio, estado do emprazamento), e aínda que describe o mínimo, é concreto ao edificio (non cosas xenéricas). Presenta unha descrición parcial dos procesos da obra (outroas empresas indican todas as tarefas por tipos de obra) e metodoloxía do proceso. A descrición de características a realizar organización física e fases é xenérica sen estar concretadas ao proxecto actual. Tampouco se detalla persoal a maiores adscrito aos traballos.

**ATLANTICA:** as características case nin menciona. Actividades construtivas ben aínda que xenérico. Dos condicionantes aínda que moi resumidas, identifica os principais condicionantes e como atallalos. Dependentes do xefe de obra: un responsable de instalacións (enx industrial) e topógrafo. Con dedicacións parciais

**EXTRACO:** a identificación de características é bastante xeral. A relación de actividades construtivas case é un simple listado de tarefas, sen afondar. Os condicionantes son tratados moi por encima, solo mención de accesos e outras limitacións derivadas da protección urbanística. Oferta un enxeñeiro como comunicador cos veciños e un enx ind. Responsable de oficina técnica

**C. LA ROSALEDA:** solo fai a enumeración de tarefas construtivas, sen explicación do seu desenvolvemento. aparte de persoal que se considera obrigado (delegado responsable ss. e xefe de obra): un topógrafo

**OVIGA:** moi escaso, solo indica antecedentes administrativos e logo un catálogo de solucións construtivas con fotos de fabricantes. Oferta como persoal a maiores un responsable en medio ambiente un enxeñeiro xefe da o.t. con total dedicación.

**CRC SL:** Identifica as características do contrato (reconstucción, uso do edificio, estado do emprazamento), e aínda que describe o mínimo, é concreto ao edificio (non cosas xenéricas). Presenta unha descrición parcial dos procesos da obra (outroas empresas indican todas as tarefas por tipos de obra) e metodoloxía do proceso. A descrición de características a realizar organización física e fases é xenérica sen estar concretadas ao proxecto actual. Tampouco se detalla persoal a maiores adscrito aos traballos.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria construtiva**

| EMPRESA | D | B | S | I | NC | valoración | puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C. LA ROSALEDA | | | X | | | 9,375 | **3,28125** |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | | | | | | - | - |
| KÚPULA SL | | | X | | | 15,000 | **5,25000** |
| CRC SL | | | X | | | 7,500 | **2,62500** |
| DRAGADOS SA | | X | | | | 20,625 | **7,21875** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | | | X | | | 15,000 | **5,25000** |
| C. TARRIO SL/JSTOP | | X | | | | 20,625 | **7,21875** |
| C. SAN JOSÉ SA | | X | | | | 16,875 | **5,90625** |
| OREGA / DFR* | | | | | | - | - |
| ACCIONA INF. | | X | | | | 22,500 | **7,87500** |
| IGLESIAS MERA** | | | | | | - | - |
| OVIGA | | | X | | | 9,375 | **3,28125** |
| ATLANTICA | | | X | | | 13,125 | **4,59375** |
| EULOGIO VIÑAL | | | X | | | 7,500 | **2,62500** |
| ALEA* | | | | | | - | - |
| PROYECON | | X | | | | 18,750 | **6,56250** |
| ANGEL JOVE | | X | | | | 20,625 | **7,21875** |
| DESARROLLA | X | | | | | 24,375 | **8,53125** |
| OGMIOS | | X | | | | 18,750 | **6,56250** |
| UNIKA | | X | | | | 22,500 | **7,87500** |
| EXTRACO | | | X | | | 11,250 | **3,93750** |

*Programa de construción das obras: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 10,50*

De acordo ao indicado no prego de cláusulas, incluirase na oferta un programa de construción das obras que asegure a súa execución nos prazos totais e parciais e anualidades do contrato.

O Licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar co rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado:

Coa composición dos equipos humanos e materiais ofertados distribuídos por fases de obra, capítulos do presuposto ou fitos da construción. A indicación dos rendementos medios previstos debidamente xustificados que garantan a viabilidade de cumprir os prazos.

Os Diagrama de Gantt ou diagrama de barras con desenvolvemento das unidades de obra, con indicación das actividades que condicionan dita obra por tratarse de actividades criticas e con indicación dos investimentos mensuais previstos.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

| | **D** | **B** | **S** | **I** | **NC** |
|---|---|---|---|---|---|
| **VALORACIÓN ATA** | 30,000 | 22,500 | 15,000 | 12,000 | - |
| **PUNTUACIÓN ATA** | 10,500 | 7,875 | 5,250 | 2,625 | - |

**D:**

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan o programa das obras co maior grado de detalle na análise dos criterios indicados a continuación:

- O contido e o grao de detalle do programa de obras máis completo: análise das actividades criticas, folguras e a correcta distribución dos investimentos mensuais da obra recollidos nos correspondentes diagramas de Gantt, PERT e de barras de ser o caso a nivel de partidas.
- Os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados no programa achegado incluíndo fichas de dimensión de equipos e táboas de rendementos de xeito claro.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de D as seguintes ofertas:

Inclúen, con desenvolvemento a nivel de estudio por partidas de: diagrama de Gantt PERT, o camiño critico, indican as folguras, e o cadro de investimento mensual-programa de traballo. Ademais presentan de xeito claro as fichas de dimensión de equipos humanos e materiais e as táboas de rendementos., de xeito que a administración podería controlar facilmente os medios a empregar na obra respecto dos ofertados.

DRAGADOS SA

FRANCISCO GÓMEZ Y CIA

C. TARRIO SL/JSTOP (dim equipos en memoria construtiva).

C. SAN JOSÉ SA (dim equipos en memoria construtiva).

ATLANTICA

ANGEL JOVE (dim equipos en memoria construtiva).

UNIKA

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que non achegan o programa das obras completamente xustificado na análise dos criterios indicados a continuación:

- O contido e o grao de detalle do programa de obras non inclúe a totalidade do seguinte: análise das actividades criticas, folguras e a correcta distribución dos investimentos mensuais da obra recollidos nos correspondentes diagramas de Gantt, PERT a nivel de partidas.
- Os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados no programa achegado non inclúen algunha das fichas de dimensión de equipos e táboas de rendementos de xeito claro.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

KÚPULA SL: non achega diagrama PERT

ACCIONA INF. non achega diagrama PERT

OVIGA: non achega diagrama PERT

PROYECON: non achega diagrama PERT

DESARROLLA: non achega diagrama PERT

OGMIOS: non achega diagrama PERT

EXTRACO: solo indica actividades por capítulos de obra

EULOGIO VIÑAL non achega diagrama PERT e indica actividades por capítulos

CRC SL: non achega diagrama PERT

CONCELLO DE SANTIAGO

**S:**

Acadan a puntuación (S) aquelas ofertas que fan o programa das obras cunha xustificación menos completa respecto dos anteriores.

**I:**

Acadan a puntuación (I) aquelas ofertas con documentación moi escasa que impide valorar a posibilidade de cumprir co programa proposto.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de S as seguintes ofertas:

**CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL:** presenta unicamente un diagrama de barras de investimentos mensuais previstos.

**NC:**

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: programa de obras**

| EMPRESA | 15,00 | 11,25 | 7,50 | 6,00 | 0,00 | 15,00 | 11,25 | 7,50 | 6,00 | 0,00 | ata 30,000 | **ata 10,5** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C. LA ROSALEDA | | | | x | | | | | | x | 6,000 | **2,100** |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | | | | | | | | | | | 0,000 | **0,000** |
| KÚPULA SL | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| CRC SL* | | | x | | | | | | | x | 7,5000 | **2.625** |
| DRAGADOS SA | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| C. TARRIO SL/JSTOP | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| C. SAN JOSÉ SA | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| OREGA / DFR* | | | | | | | | | | | 0,000 | **0,000** |
| ACCIONA INF. | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| IGLESIAS MERA** | | | | | | | | | | | | 0,000 |
| OVIGA | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| ATLANTICA | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| EULOGIO VIÑAL | | x | | | | | | x | | | 18,750 | **6,563** |
| ALEA* | | | | | | | | | | | 0,000 | **0,000** |
| PROYECON | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| ANGEL JOVE | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| DESARROLLA | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| OGMIOS | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |
| UNIKA | x | | | | | x | | | | | 30,000 | **10,500** |
| EXTRACO | | x | | | | x | | | | | 26,250 | **9,188** |

*Organización da obra, o tránsito e medidas de seguridade: valoración máxima ata 10. PUNTOS ATA 3,50*

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, describirá as medidas de seguridade prestando atención á interferencia co tránsito de persoas e vehículos.

Valórase con maior puntuación a descrición do xeito de realizar os traballos previstos no proxecto de xeito pormenorizado.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

| | D | B | S | I | NC |
|---|---|---|---|---|---|
| **VALORACIÓN ATA** | 10,000 | 7,500 | 5,000 | 4,000 | - |
| **PUNTUACIÓN ATA** | 3,500 | 2,625 | 1,750 | 0,875 | - |

**D:**

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Identificación das medidas de organización de trafico peonil e rodado,
- Estudio dos accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado.
- Compatibilidade co funcionamento do colexio próximo e o reforzo de medidas.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de D as seguintes ofertas:

**UNIKA**: a descrición é moi completa: Identifica as medidas de organización de trafico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado. Ten en conta o funcionamento do colexio e aínda o reforzo de medidas de seguridade e compatibilidade co tráfico ás horas de entrada e saída de clases cos servicios municipais e proximidade de vivendas. Ten en conta a limitación de gálibos para o coidado de vexetación.

**B:**

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria unha correcta descrición de algún dos aspectos indicados anteriormente non tan completos

Valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

**DRAGADOS SA:** Identifica as medidas de organización de trafico peonil e rodado, accesos e desvíos de xeito concreto e pormenorizado. Ten en conta a proximidade do colexio para o reforzo de medidas de seguridade do tráfico.

**S:**

Acadan a puntuación (S) aquelas ofertas que estudian e propoñen solo medidas de situación de material, implantación da obra e control de acceso de forma completa e as medidas de seguridade xerais para a obra.

Valóranse co grao de S as seguintes ofertas:

**KÚPULA SL:** estudia e propón as medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra .

**FRANCISCO GÓMEZ Y CIA** estudia e propón as medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**C. TARRIO SL/JSTOP:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**ACCIONA INF.** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**ATLANTICA:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**PROYECON:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**ANGEL JOVE:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**DESARROLLA:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**OGMIOS:** medidas de situación de material, de implantación da obra e o control de acceso. Medidas de seguridade xerais para a obra.

**I:**

Acadan a puntuación (I) aquelas ofertas que fan na memoria unha descrición incompleta, resumida e xenérica.

Valóranse co grao de I as seguintes ofertas:

**C. LA ROSALEDA:** presenta solo un extracto do plan de seguridade e saúde

**C. SAN JOSÉ SA:** establece medidas de carácter xeral e xenéricas, aplicables a calquera obra. Limítase a indicar medidas de protección e a localización das casetas de obra.

**OVIGA:** so o plano de situación das casetas de obra

**EULOGIO VIÑAL:** medidas de carácter xeral e xenéricas, inclúe planos de desvíos de rúas que non corresponden coa presente obra

**EXTRACO:** xenéricas, aplicables a calquera obra semellante en Santiago. Limítase a indicar medidas de protección de seguridade e saúde e a localización das casetas.

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

**Cadro resume da puntuación do apartado referido a: organización de obras**

| EMPRESA | D | B | S | I | NC | valoración | **puntuación** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C. LA ROSALEDA | | | | x | | 2,500 | **0,875** |
| ARINES/CIVISGLOBAL* | | | | | | - | **-** |
| KÚPULA SL | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| CRC SL | | | | | x | 0,00 | **0,00** |
| DRAGADOS SA | | x | | | | 7,500 | **2,625** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| C. TARRIO SL/JSTOP | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| C. SAN JOSÉ SA | | | | x | | 2,500 | **0,875** |
| OREGA / DFR* | | | | | | - | **-** |
| ACCIONA INF. | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| IGLESIAS MERA** | | | | | | - | **-** |
| OVIGA | | | | x | | 2,500 | **0,875** |
| ATLANTICA | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| EULOGIO VIÑAL | | | | x | | 2,500 | **0,875** |
| ALEA* | | | | | | - | **-** |
| PROYECON | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| ANGEL JOVE | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| DESARROLLA | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
| OGMIOS | | | x | | | 5,000 | **1,750** |
